

**SERVIZO DE TURISMO**

**CONCELLERÍA  
DE  
TURISMO E XUVENTUDE**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Expte:8283-104	TIPO DE CONTRATO: Contrato de servizos administrativo especial
	SOLICITANTE: Turismo

## **CONTRATAÇÃO DO SERVIZO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA DIRECTA COAS PRINCIPAIS CIDADES EUROPEAS, ANOS 2023-2025**

### **MEMORIA ECONÓMICA.**

#### **1.- OBXECTO DO CONTRATO**

O presente contrato terá por obxecto a “PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA DIRECTA COAS PRINCIPAIS CIDADES EUROPEAS, ANOS 2023-2025”, a través de:

- O desenvolvemento de accións de promoción turística.
- O establecemento de conectividade aérea das principais cidades europeas coa cidade de Vigo.

As accións a desenvolver procurarán a atracción de turistas de diferentes perfís e segmentos centrándose principalmente no turismo de escapada (citybreaker), negocios, familiar, xuvenil, gastronómico e de eventos e reunións (MICE).

#### **2.- LOTES**

De acordo ao artigo 99.3 da LCSP, non se dividiu o contrato en lotes debido a que a realización, por separado, das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista da operatividade da campaña de promoción.

As campañas de promoción turística responden dun xeito mais efectivo cando responden a unha estratexia conxunta, xa que a súa implementación considerase unha unidade sobre os mercados obxectivos, a división en lotes no permitiría unha correcta coordinación, operatividade, axilidade e eficiencia dos traballos.

A non división do contrato en lotes xustifícase na propia natureza e obxecto do contrato e polo tanto en eficacia na promoción da campaña. Os traballos obxecto de licitación, servizos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 13:36	Páxina 1 de 6
8283-104	CSV: ADAABH-5ABD8C-A9DDCE-54XMU7-LW1S4X-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**SERVIZO DE TURISMO**

**CONCELLERÍA  
DE  
TURISMO E XUVENTUDE**

**CONCELLO  
DE VIGO**



de promoción turística on-line, non son susceptibles de realizarse independentemente mediante división en lotes dado que se trata dun servizo no que a homoxeneidade dos elementos promocionais son imprescindibles para dar cumprimento aos fins que se pretenden satisfacer, polo que a realización por unha soa compañía aérea e non por unha pluralidade, é necesaria para a correcto cumprimento do obxectivo da campaña promocional.

### 3.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

A determinación dos prezos, orzamento base de licitación e máis do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101, 102 e 309 da LCSP.

#### 3.1 Orzamento base de licitación do contrato.

O orzamento base de licitación ascende a **1.545.000,00€ € (IVE non incluído)**, conforme ao seguinte desglose:

IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE CON IVE
1.545.000,00€	324.450,00€	1.869.450,00€

#### 3.2 Anualidades:

ANUALIDADES	IMPORTE (SEN IVE)	IMPORTE (CON IVE)
ANO 2023	515.000,00€	623.150,00€
ANO 2024	515.000,00€	623.150,00€
ANO 2025	515.000,00€	623.150,00€
<b>Total Orz. Licit.</b>	<b>1.545.000,00€</b>	<b>1.869.450,00€</b>

#### 3.3.- Valor estimado do contrato e método de cálculo.

O valor estimado da totalidade do contrato é de **1.545.000,00€ (IVE excluído)**.

O valor estimado do contrato coincide có orzamento base de licitación do contrato, IVE non incluído, ao non contemplarse modificacións nin prórrogas no contrato.

As ofertas dos licitadores deberán ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas da licitación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 13:36	Páxina 2 de 6
8283-104	CSV: ADAABH-5ABD8C-A9DDCE-54XMU7-LW1S4X-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**SERVIZO DE TURISMO**

**CONCELLERÍA  
DE  
TURISMO E XUVENTUDE**

**CONCELLO  
DE VIGO**



A estimación do prezo deste contrato, faise en base a distintas certificacións e memorias xustificativas de anteriores contratos de promoción turística, nos que se prestaban estes soportes de promoción e outras compañías que na actualidade seguen levando a cabo este tipo de actuacións.

<b>ESTIMACIÓN DE PREZOS DE MERCADO 2023</b>			
<u>Acción promocional</u>	<u>Nº</u>	<u>Prezo</u>	<u>Prezo Total</u>
Enlace web	12	5,000.00	60,000.00
Newsletter (4X 650.000suscrip)	2,600,000	0.15	390,000.00
Banner	12	5,000.00	60,000.00
RRSS	10	500.00	5,000.00
<b>TOTAL</b>			<b>515,000.00</b>
			<b>IVE 21%</b> 108,150.00 €
			<b>TOTAL CON IVE</b> 623,150.00 €

<b>ESTIMACIÓN DE PREZOS DE MERCADO 2024</b>			
<u>Acción promocional</u>	<u>Nº</u>	<u>Prezo</u>	<u>Prezo Total</u>
Enlace web	12	5,000.00	60,000.00
Newsletter (4X 650.000suscrip)	2,600,000	0.15	390,000.00
Banner	12	5,000.00	60,000.00
RRSS	10	500.00	5,000.00
<b>TOTAL</b>			<b>515,000.00</b>
			<b>IVE 21%</b> 108,150.00 €
			<b>TOTAL CON IVE</b> 623,150.00 €



<b>SERVIZO DE TURISMO</b>	<b>CONCELLERÍA DE TURISMO E XUVENTUDE</b>	<b>CONCELLO DE VIGO</b>
---------------------------	---	-----------------------------



<b>ESTIMACIÓN DE PREZOS DE MERCADO 2025</b>			
Acción promocional	Nº	Prezo	Prezo Total
Enlace web	12	5,000.00	60,000.00
Newsletter (4X 650.000suscrip)	2,600,000	0.15	390,000.00
Banner	12	5,000.00	60,000.00
RRSS	10	500.00	5,000.00
<b>TOTAL</b>			<b>515,000.00</b>
			<b>IVE 21%</b>
			<b>108,150.00 €</b>
			<b>TOTAL CON IVE</b>
			<b>623,150.00 €</b>

#### 4.- REVISIÓN DE PREZOS

O prezo do contrato non será obxecto de revisión algunha de conformidade co previsto no artigo 103.1 da LCSP.

#### 5.- PRORROGA.

Non se prevé prórroga

#### 6.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7. 3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria do servizo de Turismo: **4320.2279902 "PROMOCIÓN TURÍSTICA DESTINO RUTAS AÉREAS"**.

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2023, 2024, 2025 do Concello de Vigo para financiar as obrigas derivadas do contrato, dado que se trata dunha **contratación**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 13:36	Páxina 4 de 6
8283-104	CSV: ADAABH-5ABD8C-A9DDCE-54XMU7-LW1S4X-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**SERVIZO DE TURISMO**

**CONCELLERÍA  
DE  
TURISMO E XUVENTUDE**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**anticipada** xa que o gasto que desta contratación deriva comezará a partir do 1 de xaneiro de 2023 cun prazo de duración de tres anos.

Por tratarse de un contrato que estende os seus efectos ao exercicio 2023, 2024 e 2025 financiarase con arranxo ao disposto no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O gasto proposto, establécese tamén de conformidade co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento 2022.

Polo cal, esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo.

## **7.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO**

A forma de pago dos anos 2023, 2024 e 2025 será a seguinte:

➤ O pagamento dos servizos do contrato efectuarase con carácter trimestral, a meses vencidos, previa presentación da factura expedida na forma legal, que incluíra dos documentos acreditativos da realización das accións de conformidade co establecido no prego de condicións técnicas e que deberá ser conformada pola responsable do contrato. O importe total de cada factura será o resultado de dividir o importe anual de adxudicación do contrato por 4 trimestres.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- UNIDADE TRAMITADORA: GE0000664 TURISMO
- OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS/INTERVENCIÓN
- ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

En consecuencia aos antecedentes descritos, propónse á concelleira delegada da Área de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 13:36	Páxina 5 de 6
8283-104	CSV: ADAABH-5ABD8C-A9DDCE-54XMU7-LW1S4X-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**SERVIZO DE TURISMO**

**CONCELLERÍA  
DE  
TURISMO E XUVENTUDE**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Turismo e Xuventude remitir a presente memoria económica ao servizo de Intervención para continuar coa tramitación do presente expediente de contratación da prestación do **SERVIZO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA DIRECTA COAS PRINCIPAIS CIDADES EUROPEAS, ANOS 2023-2025.**

FD

Vigo, data da sinatura dixital,

A técnica do Servizo de Turismo, Fátima Dueñas Corchero

Conforme:

A Concelleira de Turismo e Xuventude, M<sup>a</sup> Carmen Lago Barreiro

Conforme:

O Concelleiro de Facenda e Orzamentos, Jaime Aneiros

